

Melloras no acceso a Ribadetea

Páxina 3

O PIE emprega ao 53% do seu alumnado

Páxina 5

Covelo solicita o primeiro ENIL do Condado Paradanta

Páxina 8

Nadal en Galicia: Beléns, mercados e máis

Páxinas 11 a 13

Renovado o SAT da Cañiza e outros ata o 2026

Páxina 14

Tecnoloxía fotovoltaica e LED no Pavillón de Salvaterra

Páxina 15

Reforma do PXOM contra o feísmo urbanístico no Porriño

Páxina 16

850.000€ para o saneamento de Entenza

Páxina 19



Bo Nadal e Feliz Aninovo 2025

Entrevista



Ana Pontón | Portavoz nacional do BNG

“Defendemos un novo status político que nos reconeça como nación”

Páxina 10



EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



Que che vaia ben, 2024

A punto de rematar o ano véxome diante dunha pantalla en branco tentando bosquejar unhas breves ideas que resuman o pasado recente.

Acábase un ano que mellor esquecer. Guerras, dinas e políticos que só saben insultar sen propoñer, descualificar sen aportar nada novo, que nos poida servir para unha vida máis tranquila e satisfeita.

O mundo que nos rodea sofre unha serie de obstáculos que non lle permiten desenvolver todas as potencialidades de que dispón. Millóns de seres humanos están vivindo na miseria mentres un reducido número de individuos ve aumentar de xeito noxento os seus ingresos en miles de millóns diarios. Preguntámonos como poder ser isto posible. Como podemos quedarnos de brazos caídos diante destas inxustizas? Todo o confiamos as institucións democráticas que dicimos posuír. Sen que isto sexa mentira, tamén sa-



bemos que as institucións por si soas non son quen de deter os intentos de certas formacións políticas. Estas pretenden abducirnos para que pensemos que todo se fai democraticamente cando en realidade o que se está facendo é baixo unha pátina de verdade, camuflar intentos autócratas que rematen coas institucións actualmente instauradas para defendernos dos cantos de serea antidemocráticos.

Ben é certo que non son estes os tempos para falar destas cousas tan serias das que dependen as nosas vidas e as das xeracións vindeiras. Pero non quería deixar pasar a oportunidade para alertar aos lectores deste humilde editorial cando estamos a punto de entrar nun novo ano.

Debería falarlles do espectáculo indignante que presenciamos cada día asistindo ás sesións do Parlamento. Ou das declaracións de certos políticos que consideran aos cidadáns moeda de cambio para conseguir os seus fins...que por certo, nada teñen que ver coa felicidade da cidadanía.

Pero hoxe non vou molestalos máis

cas miñas preocupacións. Tenten pasar ao novo ano nos novos folgos e coa intencionalidade de ser felices o vindeiro ano a pesares de todos os atrancos que a vida nos pon no camiño.

Bo Nadal e Feliz aninovo a todos/as.

ANTOMS



ZAPATERÍA
Ángeles Castro
Telf: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

mariquita mimosa
Ropa infantil
Bordados
Confección a medida
Servicio de tintorería
CICLISTA EMILIO RODRÍGUEZ, 6
PONTEAREAS
mariquitamimosa@hotmail.com
986 182 659 - 656 860 074

OTunel
apas
Desde 1947
986 64 17 57 - Praza Maior 31, PONTEAREAS

ecocelta
Naturaleza en equilibrio
Con los abonos y sustratos de Ecocelta mejora tu suelo y cosecha calidad
www.ecocelta.com
Abona tu finca con Ecocelta
Pídenos presupuesto: 986 645 487

FORO A PENEIRA

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 658 58 50 49 - x.foroapeneira@gmail.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Roberto Mansilla Blanco, Montserrat Rodríguez, Anxo S. Porto Ucha, Raquel Vázquez, Carlos Méixome, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela.

Depósito legal: VG 226-2018

PONTEAREAS

Melloras no acceso a Ribadetea

A concellería de Vías de Obras comezou a execución da mellora do vial municipal de Barxela, en Ribadetea, "cunha importante intervención de máis de 25.284,23€ que da resposta a unha demanda histórica das veciñas e veciños deste barrio, esquecida durante anos", segundo sinalou o primeiro tenente de alcaldesa e concelleiro de Vías e Obras, Juan Carlos González. Esta obra conta co financiamento da Deputación de Pontevedra a través do +Provincia. Nos últimos meses intereuse igualmente na subida ao



Picoto, en Xinzo; no barrio de Couso, en Guláns; en Cristiñade; Moreira, na contorna da capela da Asunción, en Fontenla; no barrio da Serra, en Arcos e en Celeiros.

Nicolás Rodríguez Sousa, novo concelleiro de Turismo

O voceiro do grupo do grupo municipal ACIP e tenente de alcalde do Concello de Ponteareas, Juan Carlos González Carrera deu a benvida ao novo concelleiro Nicolás Rodríguez Sousa tras a súa toma de posesión no pleno extraordinario.

O novo concelleiro asumirá a carteira de Turismo tras a renuncia por motivos persoais e laborais da anterior concelleira Olalla Arbones e estréase como concelleiro



e convertese no máis novo na Corporación de Ponteareas. Entre as súas responsabilidades estará a de subir o listón para o Corpus Christi e da súa arte floral, actualmente en fase de ser recoñecida como Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade da UNESCO. Rodríguez Sousa explicou igualmente a importancia doutros proxectos como o Camiño Taverneiro, o relanzamento da Freixa e iniciativas de atracción para as instalacións deportivas.

Primeira fase das obras no Pavillón 1 de Álvaro Pino



O concelleiro de Deportes, Luís Rodríguez, informou da execución da primeira fase das obras de mantemento e conservación do pavillón 1 do complexo deportivo Álvaro Pino no que adestran o club de hóckey, o de baloncesto, o de fútbol sala e o de patinaxe, entre outras modalidades depor-

tivas. O Concello investiu 48.397,58 € con fondos do plan +Provincia da Deputación.

Explicou que para 2025 están previstas obras no campo de fútbol do San Mateo, piscina municipal, reubicación da pista de volley ball e fomento de actividades deportivas.

Primeira pista de atletismo en Fontenla

O Concello aprobou en pleno a construción dunha pista deportiva con vestiarios e zona multiúsos no lugar de As Rabadeiras, Fontenla, coa intervención dunha parcela de 9.810,34 m² e na

que, na actualidade, hai sobre todo vexetación baixa. O investimento permitirá reforzar as actividades no Complexo Deportivo Álvaro Pino, utilizados por máis de 45 clubs deportivos.

TRIFOLIUM INGENIEROS

Luis Gelpi Álvarez
INGENIERO AGRÓNOMO
Colg. G834

Alcalde Daniel Ojea, 10 bj
PONTEAREAS
T 653 047 430 / 886 216 505 | lgtrifolium@gmail.com

Cafetería - Restaurante
ETXE-EDER

Avd. de Galicia, 19
Teléf. 986 661 375

36860 PONTEAREAS

TEASEGUROS

Corredora Rosa Domínguez
Rúa Reveriano Soutullo 5, Ponteareas
986 641 623 - 696 379 393

Autoescuela PONTEAREAS

C/ Virgen de los Remedios n° 16
Tfnos: 986 660 896 - 604 047 703

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo- 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

Nattex
Ponteareas

NATTEX PONTEAREAS
Rúa Alcalde Daniel Ojea, 8 bajo. 36860 Ponteareas
T. 986 175 033. M. 618 613 013
nattexponteareas@gmail.com
www.nattex.com

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

O BNG pide “medidas urxentes” para alumnado con necesidades específicas

O BNG, a través da súa deputada e concelleira en Ponteareas Cristina Fernández Davila, anunciou a presentación de iniciativas no Concello e no Parlamento Galego urxindo á Xunta o reforzo do persoal para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo nos centros escolares, nomeadamente do CEIP As Veigas e do



CEIP Ramiro Sabell.

Tras manter encontros e conversacións con familias afectadas, Fernández Davila sinalou a necesidade urxente de “incorporar profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) para garantir o dereito a unha educación de calidade para as nenas e nenos matriculados na vila e que precisan apoio.”

Propoñen cambiar de localización as instalacións deportivas da Freixa

A portavoz do PSdeG-PSOE, Vanesa Fernández, propuxo cambiar de localización as instalacións deportivas da Freixa debido a que están en zona inundable. Esta proposta vén tras constatar vía medios de comunicación o pasado 17 de novembro que o goberno local busca ampliar esas instalacións



deportivas con novos equipamentos.

Fernández asegurou o compromiso do seu grupo municipal de traballar co Concello para conseguir a implicación e apoio económico de todas as administracións (provincial, autonómica e estatal) para conseguir facer realidade esta necesidade.

PeC denuncia “prácticas caciquís e corruptas”

Ponteareas en Común criticou que durante meses o goberno de Nava Castro presuntamente estaría beneficiando á empresa “Dos Espacios” “vía contratos menores e licita-

cións á medida que permiten asignación a dedo”.

Denunciou as “prácticas corruptas e caciquís da dereita” que “só xeran antipolítica e desprezo polo público” indicando

que “os contratos e relacións de empresas coas administracións deben ser transparentes” toda vez defendeu a necesidade de aplicar as boas prácticas”.

Centro de Capacitación Dixital



Alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro, e a concelleira de Emprendemento, Silvia Fdez. Táboas, visitaron o Centro de Capacitación Dixital do Concello de Ponteareas, un novo servizo que facilitará a for-

mación en competencias dixitais para toda a cidadanía situado no Centro de Emprendemento. Este centro será inaugurado o vindeiro 9 de xaneiro de 2025 co curso “Dixitalización aplicada”.

O BNG rexeita o “sablazo” nas taxas municipais

O BNG vén de amosar o seu rexeitamento a un novo aumento de taxas proposto polo “goberno de Nava Castro e a dereita” de aumentar nun 300% da taxa pola celebración de vodas civís no salón de

Plenos do Concello, que pasará de 67 a 200 euros. Tras a suba do 85% na taxa do lixo e a suba do 25% do IBI, o goberno local continúa saqueando á veciñanza aplicando un novo sablazo”.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

Confitería Ancla
ROSQUILLAS E MELINDRES

Confitería Ancla

TEL: 986 641 874
ESTRADA RIBADETEA
BARRIO- A PONTE PONTEAREAS

TALIER
SALÓN

Alfonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
CITA PREVIA ☎ 986 641 579
peluqueriatalierlmt@gmail.com

Papelón con LIMÓN
BRUNCH & BAR

BRUNCH
TOSTAS
TAPAS
AREPAS
BURGERS

Rúa Reveriano Soutullo, 7
36860 Ponteareas, Pontevedra
www.papelonconlimon.es ☎ 623 530 294

LOVECARS[®]

www.lovecars.es

A CASA da TRIGA
RESTAURANTE

Abrimos todos os días
de 12 a 23:59h

Praza Maior, 19 baixo
PONTEAREAS

Non pechamos
cocina

PONTECAMPER
Alquiler de CAMPERS
y AUTOCARAVANAS

☎ 667 40 19 07
www.pontecamper.com

PONTEAREAS

O PIE emprega ao 53% do seu alumnado

Alcaldesa Nava Castro, acompañada do delegado do goberno da Xunta en Pontevedra, Agustín Reguera, clausuraron o 1º Programa Integrado de Emprego (PIE) de Ponteareas que deixa un saldo positivo, un 53% do alumnado acadou a inserción laboral e ata 80 persoas tiveron unha oportunidade laboral en empresas da zona.

Castro destacou o compromiso e apoio da Xunta a través de 2M€ en investimentos con dous obra-



doiros dous de emprego de máis de 500.000€ cada un, dous PIEs de máis de 220.000€ en cada

edición, un obradoiro xuvenil de emprego e o Programa Xuventude Mentoring na Empresa.

Os nenos e nenas celebraron o seu pleno

No marco do Día Mundial da Infancia o Concello celebrou o seu pleno infantil no que escoitar e recoller as demandas das nenas e dos nenos e das mozas e mozos aínda que está non é a única vía para a comunicación directa co goberno e así o quixo recalcar a alcaldesa Nava Castro.

O pleno contou coas intervencións de Cecilia e Lucas do CEIP Feliciano Barrera; Mía e Brian CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera; Casandra e Juan do CEIP Santiago Apostol; Paula e Lea do



CPR Plurilingüe La Inmaculada; Gabriel e Erea do CPR Plurilingüe Santiago de Oliveira; Hugo e

Evelyn do IES Barral; Bibi e Mateo do IES Pedra da Auga e Laura e Noela do IES Val do Tea.

Dúas Flores de Honra en Vilas en Flor Galicia 2024

O concelleiro de Comercio e Letras, Ricardo González, e o segundo tenente de alcaldesa, Jesús Cao, recolleron en Salvaterra as dúas Flores de Honra outorgadas polo movemento Vilas en Flor Galicia 2024. Esta é a segunda vez que o Concello de Ponteareas participa conseguindo o recoñecemento tanto do movemento como do xurado que decidiu premiar as melloras realizadas na vila en cuestións



ambientais e ornamentais pa-

sando dunha flor a dúas flores.

Contratacións polo Plan +Emprega



Alcaldesa Nava Castro recibiu aos tres novos profesionais que prestarán os seus servizos no Concello grazas ao apoio da Deputación de Pontevedra a través do plan +Emprega.

Trátase dunha persoa técnica

en medio ambiente, unha técnica en emprendemento e unha auxiliar de clínica que laborarán durante doce meses nos departamentos de Emprendemento, Medio Ambiente, Benestar Social e de Comercio.

Recoñecemento aos bombeiros enviados a Valencia



O tenente de alcaldesa e concelleiro de Seguridade, Juan Carlos González, participou xunto ao xefe de bombeiros do parque de Ponteareas, Roberto Castro, no encontro mantido co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, organizado para agradecer o traballo e compromiso amosado aos máis de 300 efectivos galegos que se desprazaron á Comunidade Valenciana para colaborar

tras a DANA do pasado 29 de outubro.

Por parte ponteareán foron desprazados un total de catro bombeiros que colaboraron nas tarefas de busca de vítimas, achique de auga en baixos e sotos, retirada de vehículos, cepillado de rúas e eliminación de barro e escombros, entre outras accións fundamentais para a recuperación das zonas afectadas en Alfafar.



CONDADO/PARADANTA

O PSOE denuncia irregularidades nas ofertas de emprego do Concello

A raíz dun recurso presentado pola UXT o pasado 14 de outubro de paralización da oferta de emprego público por incumprimento por parte do Concello de Ponteareas no procedemento legal establecido, a portavoz socialista Vanesa Fernández denunciou que, transcorrido máis dun mes, o goberno de Nava Castro segue sen

resolver este recurso, colocando aos empregados públicos nunha situación de inseguridade xurídica que lles pode causar numerosos prexuízos.

Indicou igualmente que a Alcaldesa "decide unilateralmente modificar o sistema de acceso negociado cos representantes dos traballadores" preguntándose o PSOE "qué intereses esconde a

Alcaldesa para ignorar á mesa de negociación". Informou igualmente que "a ilegalidade do concello nesta oferta de emprego público se retrotrae ao 12 de decembro de 2023 cando aproban, en Xunta de Goberno, unha planificación para reducir a temporalidade nos anos 2023-2026 sen que se negociase previamente cos representantes sindicais".

II edición de Talento Xove

Alcaldesa Nava Castro, o concelleiro de Xuventude, Cristian Montes e a directora xeral de Xuventude da Xunta de Galicia, Lara Meneses presentaron a segunda edición de Talento Xove, unha iniciativa dirixida á mocidade ponteareán como plataforma de lanzamento que conecta co concurso Xuventude Crea.

Esta segunda edición trae novidades como a creación de tres novas disciplinas: a de monólogos, deseño de xoias e Dj's. O Talento Xove 2025 amplía a súa cobertura cara os Concellos do Condado



Mondariz, Salvaterra, Mondariz Balneario e As Neves. O prazo de inscrición é ata o 30 de xaneiro e

de entrega de proxectos será ata o 15 de marzo.

O "Comercio de Nadal" embelecerá Ponteareas



O Concello deu inicio á campaña "Comercio de Nadal" para contribuír no embelecemento da vila e facer o paseo polas rúas máis atractivo. A concellería de Comercio facilitará aos establece-

mentos interesados a estrutura e as guirnaldas verdes con brezo natural que enmarquen a entrada ademais de outros materiais co obxectivo de homoxenizar a decoración de nadal e, entre todos, facer cidade.

Mercatea para animar o Nadal

Ricardo González, concelleiro de Comercio, informou que o mercadiño de nadal de Ponteareas, Mercatea, abrirá as súas portas o vindeiro 13 de decembro na nave de Aceros del Tea dinamizando a oferta comercial da vila con postos de artesanía, comida, bebidas, bitería, complementos e xoiaría, entre outras moitas propostas. Estre estas iniciativas desta-

can tres catas de viño gratuítas, o concerto de violín e piano con Iciar e Sherguei Maximov, o recital poético e musical "A lingua somos todos", a interpretación da obra "Para quererte tanto", dúo de piano a catro mans con Cloe Seoane e Ruth Moo, diversos obradoiros e o concerto do coro Gli Appassionati da man da Deputación de Pontevedra.

www.novasdoeixoatlantico.com

**CRISSEL**
CONGELADOS
Abrimos de 9:00 a 20:30h
Merluza austral de a bordo!
Rúa Ciclista Emilio Rodríguez, 1, baixo.
Telf: 672 805 235 - Ponteareas

Asesoría Técnica Agrícola
AGROITIS
Telfs.:
Oficina: 986 642 507
Pancho: 616 940 394
Cristina: 679 959 797
Avda. Ciclista
Delio Rodríguez nº4 baixo
36860 Ponteareas
agrovis@agrovis.es
www.agrovis.es

CENTRO DE ESTUDIOS
TIZAS
VIRXE DOS REMEDIOS, 2, BAIXO
PONTEAREAS - ISABEL 639 33 45 53

RESTAURANTE
Pizzeria
**SAN MARTÍN**
desde 1994
Avda. Ciclista Delio Rodríguez, 10
36860 PONTEAREAS
sanmartinrestaurante@gmail.com
Telf.: 986 640 211
Móvil: 629 614 508

FELICES
FESTAS
Bicimecánica
Toñi Porto
Horario: 10:00h a 13:30h - 16:00h a 20:00h
Rúa Esperanza, 10 - PONTEAREAS
Telf. 986 18 24 65 - trporto@hotmail.com

O Pleno de Mondariz rexeita a proposta salarial do Alcalde

Por 7 votos en contra (AporM, 5 edís; e BNG 2 edís) fronte a 3 a favor (PP1 e PSdG-PSOE, 1), o pleno celebrado o 28 de novembro rexeitou a proposta do alcalde do PP, Pablo Barcia, de salario mensual cunha dedicación parcial dun 75% composta dunha retribución de 33.571,24 € e 11.122,15 € de gastos de Seguridade Social. Barcia propuxo unha redución de 1.200€ no salario pero cunha redución da dedicación do 25%.

Por outra banda, AporM criticou que o Alcalde rexeitara presentar un Plan de Axuste para poder desenvolver a débeda ao Estado polo mecanismo de pago a provedores en 14 anos, decidindo devolvela en cinco anos. O PP asegurou igualmente que a partir



do primeiro trimestre do 2025 se vai poder reducir a retención do 50% na participación nos tributos estatais a un 25%.

AporM indicou que con esta redución, o Concello pasaría de percibir mensualmente 85.000€ a só 64.000€ mensuais isto é, 21

mil euros menos que quedarían retidos polo Estado, e que anualmente supoñen preto de 300.000€ menos nos ingresos do Concello de Mondariz. Atendendo a esta estimación, non quedaría devolto o préstamo recibido ata mediados do ano 2028.

“Trampatoxo de pera” gañou o II “Pinchotea”

A segunda edición de ‘Pinchotea’, a ruta de ‘pinchos’ foi gañada pola proposta “Trampatoxo de pera” do Túnel, que fíxose co primeiro premio da categoría “Cociña en miniatura”; La Preciosa co segundo premio desta mesma categoría e o terceiro premio para Carlota Burger. A cafetería Cortiñas levouse

o “Pincho Taverneiro”. O resto dos locais participantes obtiveron o seu diploma toda vez Casa Ferreira, Luna Flores e Troll recibiron unha mención especial do xurado.

O acto de entrega de premios serviu tamén para sortear as dúas viaxes para dúas persoas, os dous vales para facer ráfting

en grupos de catro, os bonos para as augas termais doados polo Concello de Salvaterra de Miño e máis de trinta paquetes de produtos doados por Catro Parroquias, Elena Pérez, Cafes Do Noso, Adegas Loeda, Casa Ferreira e Revi que entregou un cheque por 300€ ao gañador de “Cociña en miniatura”.

Ponteareas, capital da formación futbolística



Este 25 de novembro, e ante 400 adestradores e técnicos de diferentes divisións futbolísticas a nivel galego e estatal, Ponteareas converteuse no centro internacional da formación futbolística coa celebración no Auditorio Reveriano Soutullo da VI Xornada de Actualización e Reciclaxe para Adestradores de Fútbol, organizada pola Real Federación Galega de Fútbol (RFGF) en colaboración co Concello.

O evento contou coa participación de notorias figuras do mundo do fútbol, destacando o actual seleccionador de Portugal e ex seleccionador de Bélxica

Roberto Martínez; o ex futbolista Eusebio Sacristán; o actual adestrador do R.C.D. Celta de Vigo, Claudio Giráldez; e o director deportivo da Real Sociedad, Roberto Olabe. No acto tamén estiveron presentes o presidente da RFGF, Rafael Louzán, así como a Alcaldesa de Ponteareas, Nava Castro e o tamén adestrador Iván Cancela.

O evento realizou igualmente unha homenaxe a dez Adestradores de Honra da Delegación de Vigo, así como tivo o seu momento emotivo cunha lembranza para as vítimas das recentes inundacións da DINA en Valencia.

MiXturas
CASA DE COMIDAS
Unifica y Brama
686 321 683 - Mondariz Balneario

COMERCIAL AGRICOLA ANTONIO S.L.U.
REPARTO A DOMICILIO POR ENCARGO
POLLOS POR ENCARGO
DROGUERIA
FERRETERIA
JARDINERIA
BEBIDAS
SULFATOS
INSECTICIDAS
BUTANO
VENTA DE PLANTAS
DISTRIBUIDOR OFICIAL Blona
CIMEROUCES Nº8 - MONDARIZ - T.: 986 656 218 / 649 449 459

Carlos PELUQUERO
Plaza de España, 2 - Mondariz
Telf. 619 061 357

Mondariz
concello aberto

O seu Concello deséxalles
Bo Nadal e Feliz Aninovo

CONDADO/PARADANTA

“Calendario Covelo 2025”

Miguel Fernández Rodríguez gañou o V Concurso de Fotografía “Calendario Concello de Covelo 2025” con “Camiñando pola neve”. O segundo premio foi para Rosa María Tielas Conde con “Sendeiro hacia o río de Castro” e o terceiro para María Jesús Lago Feijoo con “Pacendo no Suído”. O concurso permitiu dar a coñecer a riqueza natural, histórica e etnográfica do Concello a través dun calendario que se repartirá co novo ano. O xurado estivo formado polos fotógrafos Julio Eiroa e Emilio Rodríguez e a xornalista Amparo Rodríguez.



109 aniversario para Concepción Val

Concepción Val Cousiño, veciña de Maceira-Covelo, celebrou 109 anos o 21 de novembro na compañía da súa familia e do alcalde Pablo Castillo e da concelleira María Valiñas así como do ex concelleiro José María Vázquez que a visitaron para agasallarlle un ramo de flores e unha tarta de cumpreanos. Emigrante en Alemaña, Concepción é nai de dous fillos, Carmen e Valentín; ten tres netos, Silvia, Víctor e David, e dúas bisnetas, Sara e Alicia.



A Cañiza renova o convenio con “Avelaiña” para saúde mental

Alcalde da Cañiza, Luis Piña e o Xerente da Asociación “Avelaiña”, Rafa Álvarez, acompañados do equipo profesional do programa “Achego” na Cañiza, a traballadora social Sara Gómez e a psicóloga Eva Caparoz, ratifican esta nova cola-

boración que contempla unha dotación económica para a Asociación de 2.919,19 €/ano e a cesión gratuita da instalación municipal no Edificio Multiusos para a atención do servizo.

Unha colaboración que permitirá atender a veciñas e veciños

da Cañiza e aos seus familiares, dentro do programa “Achego” e o “Servizo de Información e Asesoramento en Saúde Mental”. Avelaiña cunha andadura profesional de 27 anos e centros na Guarda, Baiona, Pontearreas, Salceda e A Cañiza.

Covelo solicita o primeiro ENIL do Condado

O Concello de Covelo e a Comunidade de Montes en Man Común de Barcia de Mera unen forzas para protexer unha zona de especial interese medio ambiental. Na súa estratexia de apostar por un crecemento sostible e en harmonía co patrimonio natural o Concello de Covelo solicitará a declaración do Espazo Natural de Interese Local (ENIL) denominado Río Alén Barcia de Mera cunha superficie total de



265.797 m² grazas á colaboración da CMVMC de Barcia de Mera. Este sería o primeiro ENIL do Condado Paradanta.

Ingreso na Rede de Entidades Locais contra a Violencia de Xénero



O Concello da Cañiza asinou o Convenio de Adhesión o pasado 14 de outubro, sumándose aos 224 Concellos que xa forman parte desta Rede en contra da violencia de xénero, impulsada inicial-

mente a través da sinatura dun Protocolo entre a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta e a FEGAMP. O IES local realizou a súa primeira actividade dentro desta rede co título “Hai Saída Grazas a Tí”.

Comprar en Arbo ten premio

Baixo o lema “Apoia ao Comercio Local”, o Concello de Arbo pon en marcha un ano máis a campaña “Comprar en Arbo ten premio”, en colaboración cos comerciantes do municipio.

Os negocios repartirán entre os seus clientes rifas polas súas compras. En total imprimíronse preto de 150.000 rifas, con un

valor total en premios de 3000 euros en premios: un vale de 500 euros, un vale de 250 euros, un vale de 150 euros, tres vales de 100 euros e 25 vales de compra de 50 euros. Os vales son para comprar nos establecementos de Arbo que participan nesta Campaña de Nadal. O sorteo será o 12 de xaneiro no Salón de Plenos.



En galego, agora e sempre, ...na vida e na morte

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística nos corenta e catro anos de actividades ininterrompidas garda nos seus arquivos unha amplísima memoria. Foron anos nos que as dificultades aparecían unha veces como obstáculo herdados do pasado, e outras de malintencionadas actitudes de moitos políticos.

Pero como o que aquí conta é que chegamos vizosos a estes tempos, é cousa de relatarlles como se desenvolveu o último acto organizado na parroquia de Lira (Salvaterra). Porque ali, o pasado día 16 de novembro, celebrouse o Día da Restauración da Memoria Lingüística que ten como lema motivador os versos de Ramón Cabanillas: "En galego, agora e sempre; na vida e na morte. Sempre que galego!".

Esta actitude lingüística foi a que mantiveron en vida todos os que nos precederon. Grazas a eles Galicia segue a ter cultura e lingua da seu.

Xentes con elementais coñecementos pero que que atesouraron a inmensidade de saberes que ao longo dos séculos fóronse transmitindo de xeracións en xeracións. A lingua galega foi transportada por esas xentes desde

hai mil anos. Chegou a nós coa riqueza necesaria para que sexa un idioma único, con personalidade fonética e gramatical de seu. Nel escribíronse os textos máis representativos da cultura universal. Coas súas palabras construíronse imaxinarios populares e composicións musicais que arrollaron aos nenos nos berces. Esas cantigas de fermosas composicións naceron nas eiras, nos muiños, lareiras, veigas e torreiros, nas aradas, na sega... En calquera lugar onde houberse actividade social, a imaxinación non desaproveitou as ocasións para construír o noso acervo cultural.

A cultura e lingua están presentes na paisaxe. Cada anaco de terra, nos accidentes xeográficos, regatos, camiños... todos foron bautizados con cadanseu nome. A Terra (en maiúsculas), foi o fermento da nosa identidade. Porén, haberían chegar tempos oprobiosos co afán de roubarnos espazos para outra cultura allea. Velaí están os cemiterios nos que se conserva a memoria colectiva das nosas parroquias, identificando a cada un dos seus moradores nun idioma que non falaron xamais. Esta anomalía hai que restaurala para que estea en harmonía co resto do universo parroquial. É esper-

péntico o diálogo cos defuntos coa interferencia dunha lápida escrita en castelán polo medio. Unha barreira que agrede aos vivos e á memoria dos falecidos.

Velaí porque a celebración dos chamados Días da Restauración da Memoria Lingüística son oportunidades para refacer o mal feito. Tal aconteceu na parroquia de Lira, con intencións pedagóxicas para que no futuro non se repita o erro de identificarmos aos nosos mortos nun idioma extraño a nós, porque nos foi imposto obrigatoriamente.

O pasado 16 de novembro un cento de veciños da parroquia de Lira ocuparon os bancos da igrexa de San Simón, mentres outros permanecía de pé, para asistiren a unha celebración única, de significado excepcional na litúrxia da palabra. Cantáronse vellas cancións intepretradas polo grupo "Xistra" de Coruxo, gui e polo grupo de pandereiteiros e pandereiteiras da parroquia. Falou o crego, o que isto asina, Carme Vaquero, da AFNLG, e o fillo de Luís Soutullo, "o gaiteiro de Lira", a quen homenaxeamos da mellor maneira que se pode facer: substituíndo a vella lápida escrita en castelán por outra cun epitafio en galego.



AREAL MADEIRAS

986 64 25 95 - 626 686 277
arealmadeiras@gmail.com
arealmadeiras.com

SOLUCIÓNS EN MADEIRAS E DERIVADOS

Pauta MOTOR

servicio integral para automovilismo

C/. Ramón y Cajal, 8 Telf. 886 03 01 15
36870 MONDARIZ info@pautamotor.com

mp MARPI

Pisos Casas Solares Vendas Compras Alquileres

R/ Amado Garra, 11
PONTEAREAS
Tel.: 986 66 18 18
Fax: 986 64 47 29

e-mail: marpi@marpi.es - www.marpi.es

CONFITERIA

Regino

Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Ponteareas 986 640 834

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas,
abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

ENTREVISTA

Entrevista de Roberto Mansilla

Ana Pontón | Portavoz nacional do BNG

“Defendemos un novo status político que nos recoñeza como nación”

A XVIII Asemblea Nacional do BNG realizada o 1º de decembro en Santiago de Compostela confirmou o indiscutible liderado de Ana Pontón Mondelo (Sarria, 1977) como portavoz nacional co 84,1% dos votos; unha nova reelección desde que asumiu este cargo por primeira vez en 2016.

Consolida o seu liderado no BNG. Nesta nova etapa, cales serán as prioridades e como prevé serán a partir de agora os equilibrios políticos internos?

Desta Asemblea sae un BNG máis forte e máis preparado coa vista posta en liderar Galiza en 2028 para darlle os galegos e ás galegas unha vida mellor. Temos tres anos para conseguilo e estou segura que poderemos dicir que o gran éxito que acadaremos foi froito desta asemblea. Se queremos poñer en marcha as grandes transformacións que o noso País precisa, non hai tarefa máis urxente nin máis necesaria que acabar co réxime absolutista do PP e conseguir que o nacionalismo galego lidere un goberno da Xunta leal con Galiza, que poña por diante os intereses dos galegos e galegas.

Na asemblea toda a militancia debatemos, votamos e eliximos e agora toca traballar todos a unha, como levamos facendo estes anos, demostrando que aquí está un BNG imparabile, con máis forza e ganas que nunca para poñer en marcha a mellor Galiza.

No seu discurso durante a

Asemblea Nacional falou dun “novo estatuto político para Galicia”. Que peso terá o soberanismo nesta nova etapa?

Defendemos un novo status político que nos recoñeza como o que somos: unha nación. Galiza debe ter un autogoberno real, capacidade para decidir desde aquí todas as cuestións que son importantes para o noso País.

Queremos, por exemplo, ter a chave dos nosos cartos, recadar o 100% dos nosos impostos, xestionar a totalidade dos nosos recursos e aplicar unha política fiscal xusta na que se cumpran principios básicos como o de que pague máis que máis ten, fronte a un PP que non deixa de facer agasallos fiscais aos máis ricos, mentres recorta en servizos públicos. Hoxe, o Estado fai caixa con Galiza, por iso queremos darlle a volta ao modelo, ser Galiza quen recade e xestione, establecendo as prioridades de investimento e gasto acorde coas necesidades dos galegos e das galegas.

Para conseguilo, temos que seguir agrandando o BNG, coa man tendida, consolidando o apoio

social e electoral, disputarlle a hexemonía ao PP e liderar o País. Está é o gran reto que temos por diante.

Tamén está o contexto político estatal. Cales serán as “liñas vermellas” do BNG co respecto á coalición de goberno con Pedro Sánchez?

O BNG ten un acordo de investidura co PSOE que permitiu grandes logros para Galiza; por exemplo, descontos histórico nas peaxes da AP9; o dragado da Ría do Burgo ou a electrificación da liña ferroviaria entre Lugo e Ourense. Logramos tamén garantir que Galiza vai ter o mesmo trato que calquera outra Comunidade Autónoma na redución da débeda pública, o que permitirá aforrar miles de millóns de euros. Cun só deputado logramos máis que todos os deputados e as deputadas das forzas estatais xuntas que están no Congreso ás ordes do que lles digan os seus xefes de Madrid e que non conseguiron nada para Galiza; ao contrario, temos a Rueda negándose a aceptar a quita da débeda simplemente porque llo di o PP de Madrid,



aínda que iso supoña prexudicar os intereses dos e das galegas.

Desde o BNG temos a máxima disposición a seguir dialogando co Goberno de Sánchez para que haxa unha alternativa á dereita de ganchete coa extrema dereita, que sería nefasta para este País. Pero o que debe saber Sánchez é que en ningún caso permitiremos que se discrimine a Galiza: con Galiza todo, sen Galiza nada.

Municipais 2027 e Autonómicas 2028. Vese como a primeira muller en presidir a Xunta de Galicia?

O gran obxectivo que o BNG ten por diante é liderar Galiza en 2028, e imos traballar todos e todas a unha, sen escatimar esforzos, para conseguilo. Con humildade pero tamén coa máxima ambición, a ambición sen límites que nos dá o amor e o orgullo que sentimos por este País.

En 2016 alcanzou o liderado como portavoz nacional. Nestes oito anos ao fronte da directiva nacional, que destacaría como o máis importante na evolución electoral e política do BNG?

Cando en febreiro de 2016 asumín a responsabilidade de ser portavoz nacional, a situación do BNG era de extrema dificultade, mesmo había quen prognosticaba a desaparición electoral da nosa forza política. Pero apenas oito anos despois estamos no mellor momento da nosa historia e somos a única alternativa real ao PP; un avance espectacular que é un éxito colectivo, froito da decisión colectiva de poñer en marcha unha liña política clara e actualizada, unha maneira diferente de facer política, firme pero amábel, empatizando coas aspiracións e preocupacións da cidadanía, que nos está permitindo chegar a máis sectores da sociedade galega.

A militancia acaba de dar un apoio masivo a seguir por ese camiño, ampliando a base social e electoral do BNG, sumando a toda esa cidadanía, cada vez máis, que quere poñer en marcha outra Galiza posible. O meu compromiso e o de toda a organización é estar á altura do que se espera de nós para abrir un tempo novo neste País.

PFC Condado

+55
Pompas Funebres
del Condado
20 de Decembro 2024

Gracias

TANATORIO
ARBO

TANATORIO
PONTEAREAS

TANATORIO
TUI

TANATORIO
TOMIÑO

Arranca “Nadal en Galicia” cunha ampla axenda de eventos para potenciar o valor turístico destas datas

Turismo de Galicia convida a participar en propostas como beléns, mercados e espectáculos que se celebran nas catro provincias

Beléns para visitar, mercados para comprar agasallos e actividades de ocio para gozar en familia forman parte da programación ‘Nadal en Galicia’ promovida por Turismo de Galicia coa que pretende aglutinar diferentes propostas co gallo destas datas nas catro provincias e animar aos galegos e visitantes a coñecer o destino poñendo así en valor o seu potencial turístico.

A Xunta convida nesta campaña a visitar, entre outros, os dous beléns recoñecidos de interese turístico. Trátase do Belén Artesanal en Movemento de Valga, caracterizado por incorporar elementos da actualidade, con escenas locais da zona e personaxes ilustres do municipio, de Galicia e do resto de España. Gran parte delas están en movemento e destaca polo seu carácter popular e participativo coa implicación dos seus veciños. Nesta edición, ocupa

un papel fundamental a solidariedade coa Comunidade Valenciana que segue a sufrir as consecuencias da DANA.

Tamén o de Begonte conta co mesmo recoñecemento. Nel destacan as súas pezas artesanais e mecanismos con figuras feitas polos veciños que se renovan cada ano. Desde a súa orixe creceu tanto que a sala adxacente está dedicada ao Museo do Belén. De feito, alí tamén se pode ver o primeiro mecanismo que movía esta estrutura nos 70 así como as antigas pezas que van sendo retiradas. En total, ocupa 150 metros cadrados e ten máis de 150 figuras.

Súmanse a esta programación outras propostas de beléns destacados nas catro provincias, así como os mercados con artesanías, produtores, comerciantes que exhibirán e venderán os seus produtos locais, pezas e coleccións



de autor nas principais cidades.

A artesanía alimentaria tamén terá un protagonismo específico en Vigo, Ribadavia, Lugo e Santiago de Compostela e os artesáns e produtos de Artesanía de Galicia ocuparán un espazo propio tamén na cidade herculina, en Tui, en Viveiro e na capital de Galicia.

Para os máis pequenos e para gozar en familia, ‘Nadal en Galicia’ inclúe a programación ‘Nadal no Gaiás’, ‘Yule. Un Nadal viquingo no Gaiás’ e ‘Galiverso de Nadal’, todas elas na Cidade da Cultura. A guía tamén recolle citas doutros departamentos da Xunta de Galicia, coma a Consellería de Medio

Ambiente e Cambio Climático. **Desestacionalizar**

Turismo de Galicia promove un ano máis unha programación ampla e variada inspirada nos elementos tradicionais destas datas na procura de seguir traballando na desestacionalización da oferta e acadar así un nivel de ocupación e visitas homoxéneo durante todo o ano. Distintas opcións de lecer familiar, exposicións, obradoiros, contacontos, espectáculos, degustacións, xogos tradicionais, son algunhas das actividades recollidas nesta programación que se poderá gozar desde este mércores ata pasado o día de Reis de 2025.

‘Nadal en Galicia’ inclúe a edición dunha guía que estará dispoñible na páxina web de Turismo de Galicia con toda a información. Enmárcase no compromiso da Xunta de Galicia por facer de Galicia un destino atractivo en distintos momentos do ano para repartir temporalmente a chegada de viaxeiros e tamén os beneficios económicos que supón para as distintas localidades.

Beléns de Interese Turístico de Galicia

BELÉN ELECTRÓNICO DE BEGONTE

Centro Cultural José Domínguez Guzmán. Quitimil, 2. Begonte - belendebegonte.es

Do 30 de novembro ao 1 de febreiro.

Do 1 ao 19 de decembro e do 8 ao 27 de xaneiro: Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 13:00 h e de 16:00 a 19:00 h.

Do 20 de decembro ao 6 de xaneiro: Todos os días, 11 a 13 e 16 a 19 h.

Do 7 de xaneiro ata o peche: Sábados, domingos e festivos, de 11:00 a 13:00 h e de 16:00 a 19:00 h.

Visitas colectivas: avisar previamente ao 610 907 306

Declarado de interese turístico de Galicia, móntase ininterrompidamente desde 1972 con pezas artesanais e mecanismos electrónicos para o seu movemento. 150 m² con máis de 150 figuras.



BELÉN ARTESANAL EN MOVIMENTO DE VALGA

Rúa Nova, Campaña. Valga. belendevalga.es

Do 1 de decembro ao 12 de xaneiro

De luns a venres de 17:30 a 20:30 h.

Sábados de 17:00 a 20:30 h.

Domingos e festivos de 12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:30 h.

Declarado de interese turístico de Galicia, é unha das composicións do Nadal máis espectaculares da Comunidade galega, tanto polas súas dimensións como por incorporar tamén elementos da actualidade. Tel. 630 95 25 15 e 986 55 94 56

O TINGLADO DE VIGO

Tinglado do Porto. Vigo

AXunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, avoga por desfrutar dun Nadal sostible a través dun consumo responsable e da promoción da reciclaxe, organizando o mercado circular do Tinglado, en Vigo.

Os vindeiros 21 e 22 de decembro o Tinglado de Vigo converterase nun mercado circular de Nadal no que a cidadanía terá a oportunidade de vender e mercar todo tipo de produtos -roupa, libros, artigos de decoración, etc.- para darlles unha segunda oportunidade a eses obxectos.

Nese senso, esta iniciativa pioneira permitirá que ata 45 particulares teñan á súa disposición expositores, cunha medida duns 2x2 metros e co mobiliario necesario para expoñer os artigos que desexen vender. O horario de venda ao público será de 10,00 h. a 14,00 h. e de 16,00 h. a 20,00 h.

Os interesados en participar neste mercado circular poden inscribirse na páxina web otingladodevigo.gal. A adjudicación de espazos, que será comunicada entre o luns 16 e o martes 17, realizarse por rigorosa orde de recepción dos formularios.

O Tinglado de Vigo convertírase “nun espazo de encontro para quen aposta por un consumo sostible, sen renunciar á calidade e á rendibilidade” porque mercar con responsabilidade e promover a reutilización dos produtos é fundamental para loitar contra o cambio climático porque contribúe a previr a xeración de residuos.

GALICIA

Beléns

A CORUÑA

BELÉN DE LA GRANDE OBRA DE ATOCHA**Baltasar Pardo Vidal, 1. A Coruña.**

Do 25 de decembro ao 6 de xaneiro. Laborables de 18:00 a 20:00 h. Domingos e festivos ao rematar a misa de 12:00 a 14:00 h. e de 18:00 a 20:00 h.

Inaugurado en 1953 e restaurado en 2001, faise a escala do mapa de Xerusalén. Conta cunha superficie de 120 m² e cunhas 150 figuras artesanais. O seu autor foi o artista ferrolán Camilo Díaz Baliño.**BELÉN MUNICIPAL DA CORUÑA****Salón exposicións do Pazo Municipal. Praza de María Pita. A Coruña.**

Do 13 de decembro ao 6 de xaneiro. Todos os días de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h. Excepto: 13 decembro: de 19:45 aprox. a 21:00 h. 24, 31 de decembro e 5 de xaneiro: de 11:00 a 14:00 h. 25 decembro, 1 e 6 de xaneiro: de 17:00 a 20:00 h. Neste belén aparecen representadas persoas relevantes da historia da cidade.

BELÉN MÓBIL DE BETANZOS (provisional)**Praza dos Irmáns García Naveira, Edif. Liceo-2º. Betanzos.**

Do 10 de decembro ao 14 de xaneiro. De luns a venres a partir das 18:00 h. Sábados, domingos e festivos de 12:00 a 14:00 h, e a partir das 17:00 h. Pechado o 31 de decembro pola tarde e o 1 de xaneiro pola mañá. Cita previa grupos e posibilidade de visitar noutro horario: 609 691 692 (recomendable chamar antes da visita). Preténdese representar con narración gravada e movemento a historia, xeografía, etnia e actividades diversas.

BELÉN DA ORDE TERCEIRA**Capela da Orde Terceira. Ferrol.**

Do 29 de novembro ao 20 de decembro: venres, sábados e domingos de 17 a 21 h. Do 21 de decembro ao 5 de xaneiro todos os días de 17:00 a 21:00 h.

Realizado por Alfredo Martín. Conta con máis de 60 anos de historia e máis de 200 figuras con movemento.

BELÉN DA SOCIEDADE CULTURAL O TILO**Rúa María, 182-baixo. Ares.**Do 1 de decembro ao 4 de xaneiro todos os días. Pechado os días 24, 25 e 31 de decembro e 1 de xaneiro. Entrada de balde. Grupos contactar no 669404425 ou no mail: scotilo@gmail.com O belén iniciou a súa exposición no ano 1994. Ocupa unha superficie de 70 m² e consta de máis de 300 figuras de barro lienzado cunha altura de entre 10 a 21 cada unha delas. 35 desas figuras son móbiles o que lle outorga unha maior espectacularidade. Trátase dun belén de estilo hebreo no que destacan a escena do Misterio na que San Xosé arrola o neno Xesús nos seus brazos nun movemento fermosísimo.**BELÉN NAPOLITANO DA CATEDRAL DE SANTIAGO****Igrexa do Convento do Carme. Rúa de Sta. Clara, 8****Santiago de Compostela**

Ata o 6 de xaneiro. Todos os días de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 h. O 25 decembro e 1 de xaneiro só pola tarde.

Tradicional belén da Catedral de estilo napolitano con arredor de 500 figuras artesanais e moitas con movemento. Ocupa uns 50 m². Ademais do Nacemento de Xesús, a Anunciación aos pastores e o cortexo dos Reis Magos, represéntanse multitude de escenas de vida cotiá e oficios tradicionais. É propiedade da Catedral de Santiago, grazas á colaboración de Turismo de Galicia.**BELÉN POPULAR DA CATEDRAL DE SANTIAGO****Igrexa de Santo Agostiño. Santiago de Compostela**

Ata o 6 de xaneiro. Todos os días de 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h.

Datos especiais: 25 decembro e 1 de xaneiro só pola tarde.

Belén de estilo popular, con figuras de Nicolás Almansa. 70m², 530 figuras artesanais, algunhas con automatismos.**BELÉN TRADICIONAL EN SAN FIZ DE SOLOVIO****Igrexa de San Fiz de Solovio. Santiago de Compostela.**

Do 29 de decembro ao 6 de xaneiro. Luns 2 a xoves 19 decembro: 11:00 a 14:00 e 16:00 a 19:00 h.

Sábados, domingos e vacacións escolares: 11:00 a 14:00 e 16:00 a 21:00 h.

Datos especiais: 23 decembro: Visita do Paxe do Nadal ás 17:30 h e Concerto de Corais Veciñais ás 18:00 h e ás 19:30h. 24 e 31 decembro: 11:00 a 14:00 h e 16:00 a 19:00 h. 25 decembro e 1 xaneiro: 17:00 a 21:00 h.

Festivos, de 11:00 a 14:00 e 17 a 20:30 h.

Belén cedido e montado por José Uzal dentro dunha actividade organizada por Turismo de Santiago- Concello de Santiago de Compostela, coa colaboración do Arcebispo de Santiago, o Mercado de Abastos e o Colexio Maior Santo Agostiño. Máis de 200 figuras de barro e lenzo pintado, todas feitas a man, compoñen este nacemento que inclúe diferentes escenas, pezas en movemento e tamén iluminación.

BELÉN FAMILIAR DE CONXO**Ruela de Torrente, 6-8. Santiago de Compostela**

Do 30 de novembro ata o 6 de xaneiro. Luns a sábado: de 17:00 a 20:00 h. Domingos e festivos: de 11:00 a 13:00 h e de 17:00 a 20:00 h. O domingo, 15 de decembro péchase ás 18:00 h.

A familia Otero Moreira abre as portas da súa casa para poder contemplar este belén, comezado polo pai de Paco Otero en 1945. O Belén ocupa 45 m² a diversas alturas. Consta de 203 pezas decorativas (casas, pontes, fontes...). Case 2.000 puntos de luz, 1000 figuras e 100 figuras en movemento. Están representadas 38 escenas bíblicas. Telfs: 981521900 / 680466876**BELÉN DA COLEXIATA DE SAR****Rúa de Sar. Santiago de Compostela**Claustro da igrexa. Entrada polo museo. Luns a sábados de 10:00 a 13:30 h e de 16:00 a 19:00 h. Domingos de 10:00 a 13:00 h. O belén está exposto no claustro da igrexa e non hai control de aforo, a visita é libre e gratuíta. É un belén de 35 m² con 300 figuras artesanais, 100 delas con movementos e luz. A auga e o seu movemento (muíño, ferverza e río) son naturais. Ten función de día e de noite, ademais de tormenta nocturna con son de tronos e luces de raios.**BELÉN TRADICIONAL- CLUN/ECOENER****Salón Noble do Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro- Santiago de Compostela.**

Do 29 de novembro ao 8 de xaneiro. Todos os días de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h. Entrada de balde

Este belén, de 21 m² e con preto de 100 figuras artesanais, recrea a vida rural e transmite valores como a solidariedade, o respecto e a cooperación.**BELÉNS DO MUNDO****Museo de Bergantiños. Antigo cárcere. R/ Martín Herrera, 8- Carballo**

Do 1 de decembro ao 12 de xaneiro. Martes: de 10:00 a 14:00 h. Mércores, xoves e venres: de 10:00 a 14:00 h e de 17:30 a 19:30 h. Sábados e domingos de feira (2º, 4º e 5º domingos de mes): de 11:00 a 14:00 h. Luns: pechado

BELÉN DE ORTIGUEIRA**Igrexa Santa Marta de Ortigueira. Nacemento de Ortigueira de Camilo Díaz Baliño**

Exposición do 15 de decembro ao 10 de xaneiro. De 11:00 a 13:00 h todos os días. Entrada gratuíta

Teatro de grandes dimensións con representación en diorama do nacemento con lenzos pintados por Camilo Díaz Baliño en 1924. Á luz do achado da tumba de Tutankamón por Howard Carter, o autor representou elementos exipcios e orientais, para recrear o nacemento dun Mesías.

LUGO

CONCURSO DE BELENISMO DE LUGO**Local de Afundación na praza de Santa María. Lugo.**

Pregón de Nadal o mércores 18 de decembro a cargo de David Varela Vázquez, quedando instalado o Belén Social no patio de operacións do edificio de ABANCA, con entrada pola Praza Maior, ata o 6 de xaneiro, en horario de oficina.

VIVEIRO ANTE O BERCE**Centro histórico de Viveiro.**

Desde o 6 de decembro ata o 13 de xaneiro.

Este belén a escala natural destaca pola ambientación e o seu realismo.

BELÉN DE MONDOÑEDO**Fonte Vella- Rúa da Fonte. Mondoñedo.**

Visita libre desde a ponte de decembro ata o día de Reis incluído. O belén é de madeira e está iluminado. Conta tamén

con tres caixas de correo para as cartas aos Reis Magos.

OURENSE

BELÉN DE ARTURO BALTAR**Espazo Expositivo Arturo Baltar.****Praza de San Cosme e Damián. Ourense.**

Do 16 de decembro ao 6 de xaneiro: Todos os días de 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:00 h. 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro de 17:00 a 20:00 h. Entrada de balde.

Realizado polo escultor Arturo Baltar, con figuras de barro cocido de 20 a 25 cm, nas que se pode recoñecer populares personaxes da cidade das Burgas.

EXPOSICIÓN BELÉNS DO MUNDO**Sede do Bispado de Ourense. Rúa do Progreso, 26. Ourense.**

Do 10 de decembro ao 5 de xaneiro. De 10:00 a 14:00 h, de luns a venres.

Sábados e domingos: de 11:00 a 13:00 h; Xoves 5 de xaneiro de 19:00 a 21:00 h.

Visita de grupos escolares: concertar visita chamando á Delegación de Misións 988366146.

Máis de 150 beléns vidos dos lugares onde están presentes os misioneiros diocesanos. Cada belén representa un misionero, un pobo e unha cultura e está feito co material propio de cada país.

BELÉN DE PARADA DE SIL**Capela de San Ramón-Praza do Concello. Parada de Sil.**

Do 16 de novembro ata o 18 de marzo. De luns a venres de 10:00 a 14:30 h. Visita libre e gratuíta.

Capacidade máximo 3 persoas por visita. Para poder visitar o Belén é necesario preguntar no Concello en horario da secretaría, situado ao lado da capela, para que lles faciliten o acceso. Máis información: 689 683 713 ou paradadesil.es

Realizado por José María Campo Herrero, conta con 200 pezas en barro e madeira e conta cunha reprodución a pequena escala do mosteiro de Santa Cristina.

BELÉN DA VIRUCA**Salón Parroquial da Igrexa Sta. María a Maior de Verín.**

Do 8 de decembro ao 6 de xaneiro. Todos os días en horario variable de mañá e polas tardes de 17:00 a 20:00 h.

Máis de 150 m² de exposición, dúcias de figuras, moitas móbiles, que recollen escenas bíblicas e oficios tradicionais, coa particularidade de contar con reproducións a man de vivendas significativas de Verín. Xunto ás escenas relixiosas, aparecen outras que fan referencia aos labores tradicionais relacionados coa comarca de Monterrei. Realizado por Víruca González coa colaboración dos seus familiares e amigos.**BELÉN ARTESANAL DA VEIGA****Nas rúas da localidade da Veiga.**

Do 20 de decembro ao 7 de xaneiro.

A singularidade deste xigantesco belén ao aire libre está nos elementos naturais: troncos, pólas, xestas, madeira, cordas, teas e follas transformadas en figuras do reino animal propio da zona, ademais do Nacemento e o Apalpador.

PONTEVEDRA

BELÉN MONUMENTAL DE VIGO**Casa das Artes. Rúa Policarpo Sanz, 15. Vigo**

Do 17 de novembro ao 6 de xaneiro. De luns a xoves de 17:00 a 21:30 h. Venres de 10:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:30 h.

Sábados, domingos, festivos e vésperas de festivos: de 11:00 a 21:30 h. 24 e 31 de decembro e 5 de xaneiro : de 11:00 a 19:00 h. 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro de 17:00 a 21:30 h. Entrada libre. Teléfono de cita previa para visitas guiadas: 669 997 613.

A mostra, que ocupa máis de 200 m² conta con case 200 figuras. A montaxe estivo a cargo da Agrupación Belenista La Morana e modelada polo escultor Jose Luis Mayo Lebrija, un dos belenistas máis prestixioso de España**LIX CONCURSO DE BELÉNS****Sala de Exposicións. Sede Afundación. Rúa Policarpo Sanz, 26. Vigo**

Do 29 de novembro ao 7 de xaneiro. Do 29 de novembro ao 20 de decembro, de 17:03 a 20:30 h (todos os días).

Festivos tamén de 11:00 a 14:00 h). Do 21 de decembro ao 7 de xaneiro: de 11:00 a 14:00h. e de 17:03 a 20:30 h.

Pechado: Días 25 de decembro pola tarde., 1 e 6 de xaneiro todo o día.

BELÉN ARTESANAL EN MOVEMENTO

Centro Parroquial de Gondomar. Subida á Igrexa de San Bieito- Gondomar.

Do 1 de decembro ao 12 de xaneiro. De 11:00 a 13:45h e de 17:00 a 21:00 h. Pechado de mañá os días 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro. Conta con 220 figuras en movemento e máis de 1.000 estáticas.

BELÉN DE HERVILLE

Herville, Cella. Mos (A 1 km do alto de San Cosme)

Do 7 de decembro ao 11 de xaneiro.

Horarios: Non festivos: De luns a venres: De 15:00 a 17:00 h e de 19:00 a 22:00 h. Sábados: De 15:00 a 22:00 h. Domingos: De 11:30 a 13:30 h e de 15:00 a 21:30 h. Festivos: 1 de Xaneiro: Pechado. 24 e 31 de decembro, 5 de xaneiro: de 15:00 a 21:00 h. 25 de decembro e 6 de xaneiro: de 17:30 a 21:30 h. Grupos cita previa no teléfono: 638143080 (posibilidade de apertura en horarios especiais). Entrada libre.

Organizado pola Asoc. Cultural e Social de Herville desde 2006, este belén monumental conta con 80 m2 de exposición.

BELÉN DO PAZO DE MOS

Camiño da Rúa, 1. Mos

Do 1 de decembro ao 7 de xaneiro. De luns a venres de 17:00 a 20:00 h. Sábados e domingos: de 10:00 a 14:00 h e de 17:00 a 20:00 h. Pecha o 25 de decembro pola tarde e o 1 de xaneiro todo o día. Para visitas de grupo poden facer a reserva no correo: inscricions@pazodemos.org.

BELÉNS DE TUI

Catedral. Tui.

Do 20 de decembro ao 8 de xaneiro. De luns a sábado de 10:30 a 14:00 h e de 16:00 a 19:00h. Domingos de 10:30 a 12:30 h e de 16:00 a 19:00 h. Prezo: gratuíto para residentes ou nados na Diocese, para menores de 12 anos e para discapacitados 33%. Xubilados 4,50€ e resto 5€. Inclúe visita a todo o conxunto. O nacemento está situado xunto ao retablo da Expectación. A exposición "Beléns do Mundo" pódese ver tamén por todas as naves da catedral.

BELÉN A. MULLERES RURAIS DE MORAÑA

Centro Sociocultural Multiúsos. Moraña.

Do 7 de decembro ao 12 de xaneiro. De 17:00 a 20:30 h. Festivos: de 12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:30 h. "9 parroquias, 9 razóns". O belén, nunha sala de 130 m2, ocupa unha superficie de 120 m2. Recrea as parroquias de Moraña, oficios tradicionais, edificios emblemáticos... Este ano se recrea o centro urbano antigo xunto con dous pazos: o de San Roque e o da Toxeiriña. Realizado pola Asociación de Mulleres Rurais O Menhir.

Mercados

A CORUÑA

FEIRA ARTES Á DO NADAL

(con Artesanía de Galicia) Xardíns de Méndez Núñez.

Do 20 de decembro ao 5 de Xaneiro. De 12:00 a 21:00 h. Agás 24 e 31 de decembro que pecha ás 18:00 h. 25 de decembro e 1 de xaneiro pechada.

Con 14 expositores: oficios tradicionais como cerámica, xoiaría e instrumentos musicais. Organizado pola Asociación Galega de Artesáns

MERCADO DAS NUBES

Praza de San Agustín.

Do 20 ao 22 de decembro

Acolle artistas, produtores e artesáns locais. Un espazo onde se pode comprar, pasear, gozar de música ao vivo e degustar tapas.

FERROL

MERCADO DE NADAL

Praza de Armas

Do 6 de decembro ao 7 de xaneiro. De 11:30 a 14:30 h e de 17:00 a 21:30 h

NADALIA

Alameda do Cantón

Do 13 de decembro ao 7 de xaneiro.

Instalación dun Iglú de 500m² no Cantón de Molíns, onde haberá instalado un parque temático interactivo de Santa Claus ata o 24 de decembro e a partir desa data, un escenario cun programa de actividades e espectáculos para toda a familia.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

MERCADO DE NADAL

Carreira do Conde: do 28 de novembro ao 5 de xaneiro .

Área Central: do 20 decembro ao 5 de xaneiro.

De 12:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00 h. 24 e 31 de decembro: de 12:00 a 14:00 h. 25 de decembro e 1 de xaneiro pechado Mercado de produtos de Nadal: creacións ou elaboracións de Nadal, agasallos e produtos de alimentación propios da época +info: mercadonadal.com

13º MERCADO DA ESTRELA.

Santiago de Compostela

Feira Creativa de Agasallos en **San Martiño Pinario** e no **Pazo de Fonseca**. 13, 14 e 15 de decembro.

Feira de Agasallos de Nadal, xogos xigantes, obradoiros creativos, gardería, ludoteca e visitas guiadas ao mosteiro de San Martiño Pinario.

Venres 13: 17:00 h a 21:00 h. Sábado 14 e domingo 15: 11:00 h a 21:00 h.

Espazo musical na Pista cuberta do CX Don Bosco.

Zona Foodtruck na praza 8 de Marzo.

Venres 13: 15:00 h. a 00:00 h, Sábado 14: 11:00 a 00.00 h, Domingo 15: 11:00 h a 22:00 h

En colaboración con Artesanía de Galicia.

LUGO

MERCADO NADALMENTE LUCENSES

Praza Maior. Lugo

Do 5 de decembro ao 5 de xaneiro. De 11:00 a 14:30 h e de 16:00 a 21:00 h. 24 e 31 de decembro: de 11:00 a 14:30 h. Pechado o 25 de decembro e o 1 de xaneiro.

OURENSE

MERCADO DE NADAL

Parque de San Lázaro

Do 6 de decembro ao 7 de xaneiro. De 11:00 a 14:00 h e de 17:00 a 22:00 h. 25 de decembro e 1 de xaneiro: de 17:00 a 22:00 h. Animacións e obradoiros infantís pola tarde.

POBOADO DE NADAL

Xardíns Bispo Cesáreo

Do 9 de decembro ao 6 de xaneiro. Con actividades como manualidades e contacontos.

PONTEVEDRA

POBOADO DE NADAL

Praza da Ferraría.

Do 5 de decembro ao 5 de xaneiro. De 11:30 a 14:30 h e de 17:00 a 21:00 h. 25 de decembro e 1 de xaneiro pechado. Ambientación de Nadal e mercado de artesanía e agasallos.

O BOSQUE DOS XOGOS

Praza de España, Montero Ríos e Alameda.

Tirolesa, pista de xeo e tobogán. Do 5 de decembro ao 6 de xaneiro. Fin de semana, festivos e do 21 de decembro ao 5 de xaneiro: de 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 21:00 h. Do 5 ao 20 de decembro: de 16:00 a 21:00 h 24, 31 de decembro e 5 de xaneiro: pecha ás 19:00 h 6 de xaneiro: de 16:00 a 21:00 h Carpa de xogos. Do 5 de decembro ao 3 de xaneiro. Fin de semana, festivos e do 22 de decembro ao 3 de xaneiro: de 12:00 a 14:00 h e de 16:30 a 19:30 h. Do 9 ao 13 e do 16 ao 20 de decembro: de 16:30 a 19:30 h. Actividades para menores de 12 anos.

NADAL XOGOS

Recinto Feiral.

Do 20 de decembro ao 7 de xaneiro. De 16:30 a 20:00 h 25 de decembro e 1 de xaneiro pechado Talleres, contacontos, xogos tradicionais...

VIGO

MERCADO DE NADAL CÍES-MARKET

Praza Compostela e rúas da contorna.

Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h. Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h.

Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h.

Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 h, peche ás 22:00 h.

Mercado con produtos de Nadal, gastronómicos, de regalo e de artesanía. Atraccións recreativas. Mercado (Praza de Compostela) Atraccións recreativas (rúa Concepción Areal, Xardíns Eijo Garay e rúa Areal entre rúa Colón e rúa Pontevedra): nora xigante, Tio-vivo-carrusel, Camas elásticas, Tren infantil, Espectáculo, etc..

MERCADO TEMÁTICO DE NADAL NO CALVARIO

Contorna peonil da rúa de Urzáiz no Calvario

Laborables: Apertura ás 17:00 h, peche ás 22:30 h a excepción do 21 de decembro ao 16 de xaneiro (período vacacións de Nadal) peche ás 23:00 h. Venres, sábados e vésperas de festivo, apertura as 11:00 h, peche ás 00:30 h. Domingos e Festivos: Apertura ás 11:00 h, peche ás 23:30 h. Días 24 e 31 de decembro, apertura ás 11:00 h, peche ás 20:00 h e 5 de xaneiro apertura ás 11:00 h, peche ás 22:00 h.

Venda de artesanía, produtos de Nadal e restauración. Atraccións e actividades recreativas de animación infantil e de rúa.

Artesanía

DA NÉBOA EXPERIENCE

Praza de María Pita, 18. A Coruña.

21 e 22 de decembro. Actividades para todos os públicos: obradoiro, degustacións e mercado de con produtos de calidade.

MERCADO DE NADAL EN TUI

Paseo da Corredoira. Tui

Do 30 de novembro ao 5 de xaneiro

MERCADO "A TRASTENDA DE NICOMEDES"

Edificio praza do Concello. Viveiro.

Do 20 de decembro ao 4 de xaneiro.

Mercados de Artesanía Alimentaria

De venres a domingo, de 11:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h.

VIGO

Peirao do Comercio. Do 29 de novembro ao 1 de decembro.

RIBADAVIA

(Artesanía, saber e sabor). Locais comerciais do centro histórico, Praza Maior e Igrexa da Madalena. Do 6 ao 8 de decembro

LUGO

Do 13 ao 15 de decembro.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Do 20 ao 22 de decembro

En familia

NADAL NO GAIÁS

Cidade da Cultura. Monte Gaiás. +info: cidadedacultura.gal

Do 3 de decembro ao 6 de xaneiro. Monicreques, música, sesións de xogo, experiencias de realidade virtual...e moito máis!

«YULE». UN NADAL VIQUINGO NO GAIÁS.

Museo Centro Gaiás | Hall de tirantes (andar 0)

Do 3 de decembro ao 6 de xaneiro. De 10:00 a 20:00 h.

24 e 31 de decembro: de 10:00 a 14:00 h.

25 de decembro e 1 de xaneiro: pechado

Sesións para que cativada e adultos realicen en familia pezas de xoiaría viquinga, experimenten con divertidas tatuaxes temporais ou decoren xuntas o seu barco de papel ou a súa cabra de Yule. Obradoiros e contacontos Entrada libre e de balde.

GALIVERSO DE NADAL

Museo Centro Gaiás | Andar 0.

Do 3 de decembro ao 7 de xaneiro. Mañá (sábados, domingos e vacacións escolares): de 11.00 a 14.30. Tarde: de 16.00 a 20.00 h. Acceso de balde con reserva de praza en Ataquilla.com. A partir de 6 anos.

CONDADO/PARADANTA

Renovado o SAT ata o 2026

Os Alcaldes da Cañiza, Melón, Mondariz, Mondariz Balneario e O Covelo volveron a reunirse para valorar a Memoria final da empresa ACEESCA dende 2022 a 2024 e para anunciar a renovación do servizo tras a notificación por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia da concesión dunha subvención de 281.466,90€ para o período 2024-2026. 27.672,30€ máis que no programa anterior que permitirán garantir a mellora económica do Servizo de Atención Temperá (SAT) dirixida á poboación infantil de 0 a 6 anos e ás súas familias, estabilizar o



equipo de profesionais e sufragar os gastos derivados do funcionamento das 3 sedes nas que se traballa actualmente. Actualmente

o número de beneficiarios é de 47 entre os 5 Concellos beneficiados por este servizo que desenvolve ACEESCA.

A Cañiza aproba un orzamento 2024 de case 6 millóns de euros

O Pleno do Concello celebrado en Sesión Extraordinaria este 14 de novembro aprobou inicialmente un Orzamento de 2024 de 5.966.386,89 euros, aprobado con 6 votos a favor do Equipo de Goberno e 3 votos en contra do Grupo da Oposición.

O Capítulo de Inversións deste 2024, consignado en 1.611.934,24€, duplicou a cantidade orzamentaria de 2023 (844.692,66€), destinada a melloras das infraestruturas e servizos públicos locais. Importe que ademais está subvencionado nun 95,35% por outras admi-

nistracións. A porcentaxe que asume o Concello, con cargo aos recursos propios, apenas chega ao 4,65%: un total de 75.002,27€. A aportación da Deputación Provincial para actuacións no Concello neste exercicio superou a de todas as anualidades pasadas, con 1.043.213,12€.

Novo caudalímetro para minimizar as perdas de auga potable

O Alcalde da Cañiza, Luis Piña informou da finalización desta obra que consistiu na dotación e instalación dun equipo novo de medida de caudal na zona Leste (rúa Alvaro Cunqueiro) para continuar sectorizando a rede de auga de consumo, co obxectivo de minimizar as perdas de auga na zona de abastecemento. Este novo caudalímetro súmase aos 4



colocados en 2023 na rede.

A obra cun investimento total de 40.376,00€, contou cunha subvención da Augas de Galicia da Xunta de 32.348,79€, o 80% do coste, aportando o Concello o 20% restante, 8.087,20€ de recursos propios. Esta actuación foi adjudicada á mercantil TEsWATER GLOBAL SLU, e tamén participou a empresa IMBERSO TECNOLOGÍAS SL.

Iluminación e aerotermia no Pavillón de Valeixe



O Alcalde Luis Piña visitou as obras de iluminación e calefacción por aerotermia no Pavillón de Valeixe subvencionada ao 100% pola Xunta, a través da axuda do Fondo Adicional do Fondo

de Cooperación Local, destinado a Concellos de menos de 10.000 habitantes. A actuación, adjudicada á mercantil Construelectric Systems Galicia S.L., tivo uns costes de execución, impostos engadidos, de 53.966€.

“Peto Solidario” contra o Cancro



O Concello da Cañiza comezou a campaña do “Peto Solidario”, en presenza dos Alcaldes da Cañiza e de Melón, Luis Piña e Emilio Díaz e dos veciños da Cañiza Patricia Paramés e Edi Márquez, así como doutras colaboradoras coa finalidade de visibilizar as accións e apoios que ASCAM ofrece

en Ponteareas. Recadáronse un total de 1.028,74€, case o dobre que no ano 2023

Dentro destas accións destacaron a organización de tres andainas solidarias baixo o lema “Roteiro das Promesas”, celebradas os días 12 e 13 de outubro e o 2 de novembro.

Máis información na nosa web

www.novasdoeixoatlantico.com

ELECTRICIDAD

BOUZA
ALFONSO Y DANIEL, S.L.

ILUMINACIÓN
Instalaciones en general
Reparaciones
Instalación de sonido
y telefonía interior

bouza@electricidadbouza.com

Rosalía de Castro, 7
Telf. y fax: 986 641 565
PONTEAREAS

acero plus
impresión digital
IMPRESA · PUBLICIDAD · WEB

☎ 986 66 03 61
☎ 604 08 43 68

Paseo Matutino, 29 bj.
PONTEAREAS

www.aceroplusdigital.com
info@aceroplusdigital.com

Ferretería

Julio Pérez Giraldez

Tel/Fax: 986 651 052
Móvil: 606 361 558
julio.perez.giraldez@hotmail.com

C/ Progreso, 81
36880 A CAÑIZA

Tecnoloxía fotovoltaica e LED no Pavillón Municipal de Salvaterra de Miño

Remataron as obras no Pavillón Municipal Cándido Carrera coa implantación de paneis solares fotovoltaicos de xeración de enerxía eléctrica para a alimentación da iluminación e da xeración de enerxía térmica para os acumuladores de auga quente sanitaria ACS.

A obra foi subvencionada pola Xunta cun importe de máis de 60.000 euros substituíronse as luminarias da pista deportiva, por luminarias de maior eficiencia con tecnoloxía LED. Esta é unha acción que busca adecuar os niveis de



iluminación e o mesmo tempo adaptar o edificio á normativa vixente cunha maior eficiencia e aforro enerxético. Todo se enmarca dentro das liñas de actuación aprobadas no Plan de Acción polo clima e a Enerxía Sostible aprobado polo Concello no 2022.

Concurso de Escaparates e Balcóns de Nadal

Por según da vez o Concello de Salvaterra de Miño organizará o Concurso de Escaparates, desta vez con dúas categorías: unha de escaparates de Nadal para os establecemen-

tos e comercios e outra de balcóns e fiestras para a veciñanza.

O gañador será o que maior número de Me Gustas consiga entre as dúas redes sociais utilizadas (Instagram e Facebook)

unha vez finalice o concurso o 7 de xaneiro, ó día seguinte publicárase o escaparate e balcón ou fiestra que gañaron o concurso. Entre os premios están unha cea para dúas persoas e

CEIP de Leirado, segundo premio de Boas Prácticas de Educación Inclusiva

O CEIP Plurilingüe de Leirado en Salvaterra vén de ser galardoado cun segundo premio de Boas Prácticas de Educación Inclusiva durante o curso escolar 2023-24 e que foi convocado pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Este premio recoñece a traxectoria do centro e o traballo desenvolvido en prol da igualdade de oportunidades para a aprendizaxe.



Premios de promoción do cocido cañicense



O Concello sorteou os 30 premios asociados á campaña de promoción dos cocidos cañenses que se desenvolveu dende o 28 de outubro ata o día 3 de novembro cos seguintes locais adheridos: Bar Piri-Piri, Bar Eligio, Area de Servizo, Chiringuito da Avoa, Finca Biabí, Restaurante Arela,

Restaurante Os do Resero, Eido do Monte, Xamonería Pirri, Xamonería Xatomé.

Os premios consistiron nun total de 30 noites de hotel para dúas persoas a desfrutar nun dos 3 establecementos da Cañiza participantes nesta iniciativa: Apartamentos Turísticos Augusto, Finca Briabí e Casa Rural Vieiro.

A rúa Forca será para uso peonil

A Alcaldesa de Salvaterra, Marta Valcárcel, xunto ó Concelleiro de Obras, Ernesto Groba, supervisan o inicio das obras en rúa Forca. Unha obra financiada a través do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a execución da Axenda 2030 da Deputación de Pontevedra por un valor de 432.332,88€ e cofinanciada polo Concello de Salvaterra de Miño, a través do Plan + Provincia, por un importe de

108.083,22€. Esta actuación enmarcase dentro da liña 3 do PON2030.

A zona de actuación conta cunha lonxitude de 126 metros na rúa Forca e de 77 metros en Rosalía de Castro, cun ancho variable entre os 4,50 e os 18 metros. Este proxecto busca a humanización de espazos onde o peón gaña protagonismo, aumentando o espazo peonil, e contribuído a unha economía descarbonizada.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

LOURINHA

O PORRIÑO

Reforma do PXOM para acabar co feísmo urbanístico

Co voto a favor do equipo do goberno municipal do Porriño e en contra da oposición, o pleno aprobou a modificación puntual do PXOM que permitirá resolver un grave problema de feísmo urbanístico que levaba máis de 30 anos enquistado no centro da vila.

A medida, afecta ao edificio lóbrego de seis plantas da Praza Central, unha das zonas máis neuráxicas do centro urbano, e enmárcase no ámbito das rúas Estación e Peña, no corazón da vila. A reforma non só resolve o problema de feísmo urbanístico, senón



que tamén aborda cuestións de seguridade e mellora a funcionalidade da zona, reactivando unha área que estaba desvalorizada.

“Porrempego Cualifica II”

O Concello entregou os diplomas do obradoiro de emprego “Porrempego Cualifica II”, un programa de formación dual en colaboración coa Xunta que permitiu durante un ano a formación dun total de 20 persoas desempregadas en áreas de alta demanda como son Restauración e Tecnoloxías da Xestión da Información e a Comunicación, neste último coa dixitalización dun total de 2.000 expedientes do arquivo municipal. O programa contou cun orzamento próximo aos 600.000€.



Para a edición 2024-25, o Concello e a Xunta porán en marcha o obradoiro “O Porriño Humaniza” concentrado na formación na área de construción a través dun orzamento de máis de 400.000€.

Visitas guiadas co foco na lingua

O Concello do Porriño retomou as visitas dos nenos e nenas do Porriño á Casa Consistorial, dirixida ao alumnado de 3º de Educación Primaria e ao alumnado de Aceesca, e que de-

senvolverase nos meses de novembro, decembro e xaneiro en diferentes quendas. En total serán 174 alumnos os que participarán destas visitas guiadas organizadas pola Concellería de Educación e

Normalización Lingüística e a OMIX co obxectivo de que coñezan un pouco máis o funcionamento do Concello, á vez que dinamizan a lingua e cultura galegas.

30.000€ para ACEESCA



A través de dous convenios de colaboración, o Concello do Porriño materializa o seu compromiso coa inclusión social ao duplicar o apoio económico a ACEESCA, alcanzando un total de 30.000 euros este 2024, reforzando así a atención integral en áreas como a atención temperá, educación, centro de día, talleres ocupacio-

nais e fomento do emprego. Destacan entre estas axudas os 20.000€ ao programa de emprego LUME que hoxe conta con 63 empregados prestando servizos de deseño e mantemento de xardíns, produción de plantas ou limpeza, ademais da formación profesional en xardinería, limpeza, hostalería ou administración.

“Baixo o mesmo paraugas” pola diversidade



Porriño conmemorou o Día Internacional das Persoas con Diversidade da man de Aceesca e secundando o movemento “Baixo o mesmo paraugas”. Entre as actividades destacaron a andaina polo centro da vila cos escolares

e AFAGA, o tradicional concurso de paraugas con carácter reivindicativo na que resultou gañador foi o do colexio Hermanos Quiroga, seguido do de Aceesca e do colexio Antonio Palacios e a lectura do manifesto de “Os Dez de Porriño”.

CENA FIN DE AÑO 2024

MENÚ

Langosta cocida
Centolla - Buey - Camarones
Langostinos al vapor
Vieiras a la marinera con jamón ibérico
.....
Sorbete de limón al cava
.....
Termera gallega y cordero lechal al horno con guarnición

Tarta “Espíritu Navideño”
Helado con cookies de chocolate
BEBIDAS
Alvaríño Bouza do Rei
Alma Atlántica espumoso rosado
Ramón Bilbao Crianza
Cillar de Silos Crianza espumoso

Dos ambientes:
Salón familiar
Salón sólo adultos
Mesas individuales
Parking privado

Manolo
RESTAURANTE

Barra libre

La mejor animación con:
“Jano Méndez” & “Disco Events Music”
Cotillón y Uvas de la suerte
Chocolate con churros de madrugada

PLAZAS LIMITADAS!

Precio con IVA: 140 euros

Comienzo de la cena a las 21:00 h

Teléfono de reservas:

986 333 404 - 986 344 141 - 666 595 983



O PORRIÑO

530.000€ para saneamento integral

O Alcalde do Porriño Alejandro Lorenzo presentou os dous novos proxectos de licitación de saneamento integral, o de Sobral-Eiriz e o de Seixo na parroquia de Torneiros, que suman un investimento de máis de 535.000€, e que se engaden aos máis de 3M€ investidos no último ano para ampliar a rede en obras financiadas polo Concello, o Consorcio de Augas do Louro e a Deputación de Pontevedra.

Cun orzamento de 344.000€, o de Sobral-Eiriz, na parroquia de Budiño dará servizo a 38 vivendas. O correspondente a Seixo, na parroquia de Torneiros, conecta a estrada EP-2401 co núcleo de



Arrotea en Pontellas. Outros proxectos en marcha son o de Novás (Atios), Benunes (Budiño), Penedo-O Toxal-Chenlo e O Caeiro (Chenlo), O Monte (Mosende), A Devesa e Folón (Mosende), A Lou-

riña (Pontellas), A Torre dos Eidos (Atios), Pontenova (Atios), A Graña e Sequeiras (Cans), San Andrés, O Barbeito (Mosende), así como outras ampliacións en Atios, Pontellas e Mosende.

O porriñés Yago Fernández, campión galego de Boxeo Promesas

Yago Fernández se coroou Campión galego de boxeo promesas na categoría de -71 kg, no Campionato Galego que tivo lugar en Cambados. Baixo a dirección do tamén porriñés Juan Alonso, o boxeador natural da parroquia de Torneiros logrou unha vitoria contundente na final deste torneo, que o catapulta como unha das promesas máis prome-



tedoras da rexión. Cabe igualmente destacar a aportación da firma porriñesa Power Nutrition nos éxitos deportivos de Fernández toda vez a preparación física e o rendemento deportivo foron supervisados por Esforza.

Nadal no Porriño



O Concello presentou a programación de Nadal que comezou este 7 de decembro ata mediados de xaneiro. Entre as actividades destacan o Concurso de Postaís de Nadal; a Exposición Origen Es: Familia e Fogar; espectáculos infantís como o Titiricircus de Tanxarina Monicreques ou o espectáculo María Faltri Picadiscos; contacontos, como o de Antón e o Apalpador, ou o popular O gato zapato de Barafunda Tea-

tro; o Festival de Nadal da Escola de Música Municipal; o Encontro de Corais, no que participarán a Coral Polifónica da Escola Municipal de Música do Porriño e a Coral Polifónica Os Penediños de Atios; os sons do Nadal; concertos de Cherry Sweet, Xingro's Band, Iker Faure's Band, Somoza Trío, e Noemí & Band; animacións, obradoiros, o Tren Turístico de Nadal e as visitas de Papa Noel, os Elfos de SSMM Os Reis Magos

Un Nadal sobre o xeo

O Porriño terá unha pista de patinaxe sobre xeo ecolóxico, cunhas dimensións de 160 metros cadrados (16 metros de longo por 10 de ancho) e capacidade para 40 persoas simultaneamente, a pista instalarase no aparcamento público da rúa Antonio Palacios.

Para garantir a diversión calquera día, estará cuberta por unha carpa, permitindo o seu uso mesmo en días de choiva. E o mellor de todo: o acceso será completamente gratuito. Está previsto que a pista de patinaxe abra as súas portas do 7 de decembro ata o 8 de xaneiro.

ALONG GROUP

- Asesoría de empresas y autónomos.
- Herencias y tramitación de escrituras.
- Gestiones en Tráfico y Transporte.
- Servicios Inmobiliarios y tasaciones.
- Creación de empresas y asesoría de emprendedores.
- Tramitación ayudas y subvenciones.
- Asesoramiento Jurídico.

Avda. Rosalía de Castro, nº 7 (36860) Ponteareas - Pontevedra
Tel: 886 155 341 / 698 190 794
info@gruposalong.com www.gruposalong.com

Gestor Ambiental y Técnico en Obras
Manuel González Abril

- OFICINA TÉCNICA DE PROYECTOS
- TRAMITACIÓN Y PARTICIÓN DE HERENCIAS
- PERITACIONES Y TASACIONES INMOBILIARIAS
- ALTAS Y CORRECCIONES ANTE CATASTRO

Teléfono 630 485 211 obrasmga@hotmail.com

Servicio integral a la construcción
DERIVADOS DEL CEMENTO
COVELO 986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc

Bolboreta
TINTORERÍA & LAVANDERÍA

604 075 553

Rúa Fernández Areal 10-Bajo. 36400 O Porriño (Pontevedra)

Servicio a Domicilio Gratuito

mimate
SALUD NATURAL & TÉS DEL MUNDO
www.mimatesaludnatural.com

Rúa Antonio Palacios, 36 - O PORRIÑO
Telf: 886 12 83 85 - Pedidos : 662 41 57 56

Dietsana
DIETÉTICA Y SALUD Desde 1992

986 337 684 C/. Cando, 15 O PORRIÑO

986 642 719 C/. Alcalde Daniel Ojea, 10 PONTEAREAS

LOURIÑA

MOS

Aprobada a licitación do SAF

O Pleno do Concello de Mos aprobou por maioría o expediente de contratación do Servizo de Axuda no Fogar, SAF cos votos a favor do equipo de goberno e do grupo municipal do PSOE, e a abstención do BNG. Trátase do contrato do servizo máis importante da concellería de Política Social e o importe total anual do contrato ascende a 1.592.178 euros. 487.753,30€ máis que o anterior, que ascendía a 1.104.424,70€. A duración do contrato será de 2



anos + 1 + 1 (de prórrogas), por un máximo de 4 anos. O prezo/hora é de 23,38€. A suba do prezo/hora vén dada por un estudo de custes contratado o pasado mes de xuño e que supuxo unha inversión municipal de 1.270,50€.

Black Friday solidario con Valencia

Alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e a concelleira de Política Social mosense, Sara Cebreiro, informaron de que o 'Barrio de la Torre' en Valencia vén de recibir os 34 microondas procedentes do Concello de Mos que se enviaron aos afectados pola Dana e que se compraron a través da campaña solidaria organizada desde a localidade mosense en colaboración entre o Concello de Mos e Mos Axuda, con motivo do Black Friday.

Os aparatos novos e recén mercados por colaboradores solidarios entre os que se atopan asociacións e empresas do muni-



cipio, así como particulares foron transportados ata Carrer Benidoleig, 7, Pobles del Sud, en Valencia, tamén altruista e gratuitamente pola empresa de transporte Galiport.

I Mesa Local de Comercio



O Pazo de Mos foi o escenario da presentación de ACeS Mos, Asociación de Comerciantes e Servizos de Mos, así como da Mesa Local de Comercio que celebrou a súa sesión constitutiva na que participaron a Alcaldesa Nidia Arévalo, a Asociación de Comercio e Servizos de Mos, a Asociación

de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios Rías Baixas, a Asociación BaRes Mos, e AEMOS.

A creación de ACeS complementase coa campaña Queda en Mos, que inclúe a 2ª Edición do Mercado Aberto de comercio e hostelería de proximidade que terá lugar no Pazo de Mos os días 6, 7 e 8 de decembro..

14 subvencións por 83.800€ para o deporte

O Concello asinou os convenios de colaboración para as 14 subvencións anuais a clubs e deportistas locais incluídas no orzamento municipal deste 2024, por un monto total de 83.800€. Os beneficiarios son os clubs de fútbol, Alerta, UD Mos masculino

e feminino e Louro Tameiga. O club Xadrez Mos, o club Natación Mos, as Escolas de Patinaxe de Mos, Escuderías Maki-Sport e Sur do Condado, o nadador Juan Ferrón, a bailarina Patricia Martínez e a ciclista Susana Alonso Carballo.

PINTURAS
BARCO LEÓN
 PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
 ESMALTES - PAPELES
 PINTAMOS SU CASA. PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Mahutino, 2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
 Villanueva, 18. 986 651 145 - 609 366 364. A Caliza

Fiosan

Construción en xeral - Reformas - Cantería - Panel sandwich

Vera, 24. San Mateo - 36862 PONTEAREAS. Telf: 664 193 533 - 608 175 675
 fiosanconstruccion@gmail.com

Berma
 SEGURIDAD

VIGO: Brasil, nº 27
 Tel. 986 418 325

O PORRIÑO: Urb. El Sol, nº 23
 Tel. 986 337 407

www.cerrajeriberma.es
 berma@cerrajeriberma.es

EMERGENCIAS 24 HORAS
 649 666 655

Los sistemas de acceso evolucionan. Nosotros también. No confíe su seguridad a cualquiera. Somos profesionales

TEMPOS
 CENTRO DE ESTUDOS

- Refuerzo escolar
- Motivación
- Técnicas de estudio
- Preparación de exámenes
- Orientación educativa

Avda. de Galicia, 4- 1º- PONTEAREAS. Telf: 675 088 316 - info@academiatempos.es

SALCEDA DE CASELAS

850.000€ para o saneamento de Entenza

O Pleno do Concello de Salceda vén de aprobar a proposta do equipo de goberno local para o saneamento da parroquia de Entenza, con un proxecto valorado en 856.850,01€. O proxecto presentouse no Plan Provincia Extraordinaria Plan Extra da Deputación de Pontevedra, para o cal se agarda recibir unha subvención de 700.000€ que o Concello debe completar con fondos propios.

O proxecto completa os realizados nos barrios de A Arrotea e



Ataúde (A Picoña), e están programadas xa as obras da Presa (Parderrubias) e do Carballal (A Picoña). Están en estudo os de Fontán (Parderrubias), O Pazo (A Picoña) e O Outeiro (San Xurxo).

I protocolo contra o acoso sexual

A celebración da Mesa Xeral de Negociación do Concello de Salceda permitiu a posta en marcha do I protocolo contra o acoso sexual e acoso por razón de sexo, sumando ao municipio nos Concellos pioneiros en Galicia sobre esta temática.

Na proposta, Concello e sindicatos asumen un compromiso conxunto coa concienciación, información e prevención do acoso así como coa posta en marcha de medidas de protección. O protocolo inclúe a formación obrigatoria para todas as persoas traballadoras e asegura o apoio legal e psico-



lógico para as vítimas, así como a súa reinserción. Por outra banda preténdese incidir nas medidas de prevención e sensibilización. O principio de garantía estará pre-

sente no procedemento de instrución dos casos que poidan presentarse, así como a transparencia na instrución e a protección dos datos das persoas afectadas.

Ampliación do Centro de Enfermidades Neurodexenerativas



O Centro de Enfermidades Neurodexenerativas de San Xurxo, xestionado por AFAGA, ten xa as súas dúas plantas operativas, logo de que a segunda planta fose habilitada polo Obradoiro Dual de carpintería e albanelería que vén de rematar fai uns días.

Nesta segunda fase de rehabilitación da antiga casa-escola de Vendanova, o alumnado do obradoiro de emprego realizou as tarefas de albanelería interior, colocación de illamentos e im-

permeabilizacións, revestimentos e acabados, así como a carpintería interior de madeira. Esta nova instalación inclúe unha sala polivalente, dous despachos e sala de espera, e completárase coa instalación do elevador que xa está en marcha dentro do Plan Máis Provincia 2024. O Obradoiro contou con un orzamento de 531.046,20€ subvencionados pola Consellería de Promoción do Emprego e da Igualdade da Xunta.

**¡ROMPEMOS LOS PRECIOS!
MEJORAMOS EL PRECIO
DE TUS SEGUROS**

**ENVÍANOS UN WHATSAPP Y
TE ENVIAMOS PRESUPUESTO
SIN COMPROMISO**

633 60 12 57

Rúa do Pinar, nº13, Bajo B, O Porriño
986 33 14 00
633 60 12 57
josefuis.bugarin@agencia.aaa.es
segurosbugarin@gmail.com

AXA

ORGASERCO, S.L.
ORGANIZACIÓN E ASSESORAMENTO
DE EMPRESAS

**José Abrales Amil
Economista**

Avda. de Galicia, 13 Portal 3 Ofic. E Telf. 986 33 82 90 - Fax 986 34 43 87
36400 - O Porriño (Pontevedra) abrales@orgaserco.es

NL
Hnos. Núñez Lorenzo, s.l.
CORREDURIA DE SEGUROS
carlos@hnos-nunez.com

ASEFISLA
SALCEDA S.L.
ASESORÍA INTEGRAL DE EMPRESAS
paulo@asefisia.com

Salceda de Caselas. Pz. Concello, 14
986 349 075 - 986 347 391 - 660 112 136
Salvaterra de Miño. Rúa Galicia, 14
986 658 245 - 986 659 267 - 629 587 358
Tui. Travesía Foxo, 4
986 601 539 - 609 765 228
Vigo. Avda. Gregorio Espino, 3
986 265 000 - 608 333 992
O Porriño. Avda. Galicia, 38
986 339 787 - 615 381 878

Daily Telegraph destaca a Galicia como a orixe da mellor carne do mundo

José Portas, un dos propietarios da empresa cárnica Discarlux, exerceu de anfitrión na viaxe do xornalista inglés Ben McCormack nun percorrido polas máis exclusivas explotacións e casas de carne de vacún galegas.

Comezaron a visita na poboación de Ponte Maceira (Concello de Ames), onde Discarlux xestiona desde 2017 o proxecto Fisterra Bovine World, único no mundo e no que durante case tres anos conviviron as trece razas cárnicas máis importantes do mundo (wagyu, loura galega, angus, hereford, simmental ou holstein frison), alimentadas con pastos e millos autóctonos. O obxectivo desta iniciativa é facer de Galicia o epicentro gandeiro a nivel mundial.

Posteriormente dirixíronse a Espazo Piñeiro, explotación gandeira semi extensiva tamén pertencente a Discarlux e que se agarda estea operativa para a primavera de 2025. A visita de McCormack finalizou



no restaurante coruñés Divino Steak House, un dos grandes templos da carne a nivel ibérico.



PANADERÍA A BROA CAFETERIA
 Puzo - San Mateo - Ponteareas
 Teléf. 986 657 577 - Móvil, 639 817 090
Despachos:
 Ponteareas - C/. Estrada, N.º 15 - Teléf. 986 660 951
 Salvaterra de Miño
 C/. Rosalia de Castro, s/n. - Teléf. 986 075 874

CHAMBO LIBRIS
 ASOCIACIÓN SOLIDARIA

- FOGAR DO LIBRO USADO
- OBRADOIROS
- RECITAIS
- TERTULIAS
- PRESENTACIÓN DE LIBROS

Rúa Alfonso Vázquez Fraile, 7 PONTEAREAS

milfollas
 LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA
 986 66 79 13 - Carballos, 10 - Ponteareas
 milfollas@mundo-r.com



DISCARLUX

Distribución en Galicia
 del mejor vacuno mayor nacional
 y de importación.

www.discarlux.es

